

Acordo da Xefatura Territorial da Coruña, polo que se somete a información pública a solicitude de outorgamento das autorizacións administrativas previa e de construcción e de declaración de utilidade pública, en concreto, dunha instalación de distribución de enerxía eléctrica no termo municipal de A Laracha (expediente: IN407A 2023/447-1).

Expediente: IN407A 2023/447-1.

Solicitante/promotor: UFD Distribución Electricidad, SA.

Denominación: Soterramento da LAMT LAR-703 Alvite 3 desde o apoio A4A9HN7E//46-32-A-6 ata o novo centro de transformación 15ACN6.

Termo municipal: A Laracha.

#### 1. Características técnicas:

Desconexión e desmontaxe (peche e desmantelamento) do CT intemperie Capilla (expediente 50.969 / matrícula: 15ACN6) de 50 kVA de potencia e relación de transformación 15/0,4-0,23 kV, pertencente á arquitectura da liña LAR-703 e de todo o seu aparellaxe de media e baixa tensión.

Modificación do treito da liña LAR-703 rexistrado no expediente IN407A 2016/2321-1, de 349,5 metros de lonxitude en condutor tipo LA-56, comprendido entre o apoio nº 46-32-A-5 (matrícula: A4DM0E55) de formigón tipo AC-AG-HV-1000/11 e o apoio nº 46-32-A-8-CT (matrícula: A45UKJUL) no que se atopa actualmente instalado o CT intemperie Capilla a desmantelar, consistente en:

- Desconexión e desmontaxe do treito aéreo de 200 metros de lonxitude en condutor tipo LA-56, comprendido entre os apoios nº 46-32-A-6 (matrícula: A4A9HN7E ) de formigón e o apoio nº 46-32-A-8-CT metálico tipo celosía. Esta operación implicará a retirada da rede dos apoios nº 46-32-A-7 (matrícula: A487VHCW) de formigón e nº 46-32-A-8-CT.
- Substitución do apoio nº 46-32-A-6 (matrícula: A4A9HN7E ) antes indicado, polo novo apoio metálico tipo FL-C-2000/14-H35-CA, respectando o seu actual emprazamento na parcela con referencia catastral 15042A17100012 cun lixeiro desprazamento cara ó apoio nº 46-32-A-5, no que se proxecta a instalación do paso aéreo-soterrado (PA/S) e dos elementos de protección e manobra tipo SXS actualmente instalados no apoio a substituír. Este novo apoio terá a condición de frecuentado.

Instalación, na parcela con referencia catastral 1756101NH3915N sita no lugar de Goxán de Arriba, dun novo centro de transformación prefabricado de formigón tipo rural fin de liña, compacto de manobra exterior, de 100 kVA de potencia, relación de transformación 15/0,4-0,23 kV e configuración de celas 1L+1P, con cadre de baixa tensión con tres (3) saídas (unha de reserva).

Nova LMT soterrada, a 15 kV, de 293 metros de lonxitude en condutor tipo RHZ1-2OL 12/20 kV 3(1 x 150 mm<sup>2</sup> Al), coa orixe no paso aéreo-soterrado (PA/S) a instalar no





apoio nº 46-32-A-6 unha vez substituído e remate en cela de liña do novo CT proxectado.

Enlace coa rede de baixa tensión (RDBT) existente actualmente alimentada polo CT intemperie Capilla (expediente 50.969 / matrícula: 15ACN6) a desmantelar, mediante a instalación dun (1) circuíto soterrado de baixa tensión (RBTS) de 20 metros de lonxitude en condutor tipo XZ1 0,6/1 kV 4(1 x 240 mm<sup>2</sup> Al), coa orixe no cadro de baixa tensión (CBT) do CT proxectado e remate no acoplamento coa rede aérea de baixa tensión existente a realizar no paso soterrado-aéreo (PS/A) proxectado en apoio de formigón existente.

#### 1. Lexislación de aplicación:

- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE nº 236, do 02/10/2015).
- Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (BOE nº 236, do 02/10/2015).
- Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico (BOE nº 310, do 27/12/2013).
- Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro, polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica (BOE nº 310, do 27/12/2000).
- Resolución do 19 de febreiro de 2014, da Consellería de Economía e Industria, pola que se aproba o procedemento de autorización administrativa de construcción, de acordo co previsto na Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico (DOG nº 54, do 19/03/2014).
- Lei do 16 de decembro de 1954, sobre expropiación forzosa (BOE nº 351, do 17/12/1954).
- Decreto do 26 de abril de 1957 polo que se aproba o Regulamento da Lei de expropiación forzosa (BOE nº 160, do 20/06/1957).

A relación concreta e individualizada dos bens e dereitos afectados que se considera de necesaria expropiación figura no anexo que se xunta ao presente este acordo.

A declaración de utilidade pública, segundo o artigo 56 da Lei 24/2013, do Sector Eléctrico, levará implícita, en todo caso, a necesidade de ocupación dos bens ou de adquisición dos dereitos afectados e implicará a urgente ocupación, para os efectos do artigo 52 da Lei de Expropiación Forzosa, do 16 de decembro de 1954 (BOE nº 351, do 17/12/1954).

A documentación estará á disposición das persoas interesadas nas dependencias da Sección de Enerxía da Xefatura Territorial da Consellería de Economía, Industria e Innovación da Coruña, (rúa Vicente Ferrer, núm. 2, 2º andar, 15071 A Coruña), das 9.00 ás 14.00 horas, de luns a venres, así como no taboleiro de anuncios do Concello de A Laracha.

Ademais, poderase consultar no Portal de transparencia e goberno aberto da Consellería de Economía, Industria e Innovación:

<https://economia.xunta.gal/transparencia/informacion-publica/en-tramitacion/installacions-electricas-distribucion-e-transporte>



Isto faise público para coñecemento xeral, das persoas propietarias dos predios que figuran na relación anexa a este acordo e das persoas titulares de dereitos reais e/ou intereses económicos sobre os bens afectados que fosen omitidos.

Poderán examinar a documentación técnica, e de ser o caso, achegar as alegacións ou observacións que consideren axeitadas no prazo de 30 días, contados a partires do día seguinte ao da derradeira publicación deste acordo.

A Coruña, na data da sinatura electrónica

Isidoro Martínez Arca  
Xefe territorial da Coruña

ANEXO
**Soterramento da LAMT LAR-703 Alvite 3 desde o apoio A4A9HN7E//46-32-A-6 ata o novo centro de transformación 15ACN6**
**Relación de bens e dereitos afectados – termo municipal de A Laracha**

Parcela proxecto	Propietario/titular	Referencia catastral	Paraxe	Afección pleno dominio (CT e/ou apoios)	LMT soterrada (servidume de paso de enerxía eléctrica)		Natureza do terreo
				CT / N° do apoio	Superficie (m <sup>2</sup> )	Lonxitude (m)	
1	José Carracedo	15042A17100012	Agra da Porta	Novo apoio n° 46-32-A-6	2		Labor ou labradío de secano
2	Miguel Palleiro Arijón e outros	1756101NH3915N	Goxán de Arriba	CT	9,82		Urbano. Solo sen edificar

Xefatura Territorial

Edificio Administrativo de Monelos

Rúa Vicente Ferrer, 2 1º e 2º andar - 15071 A Coruña

T. 34 981 184 902

[cei.xcoruna@xunta.gal](mailto:cei.xcoruna@xunta.gal)
[www.ceei.xunta.gal](http://www.ceei.xunta.gal)

de 4

